

## LENDA DO CARDO BRANCO DE CASTIÑEIRA

Na aldea de Castiñeira hai unha fonte na que todos os anos nace un cardo que dá unha flor branca.

A lenda di que o cardo é unha moza que foi encantada e que de vez en cando saía da fonte en forma de serpe.

Unha vez, o pai dunha tía miña foi á auga á fonte e viu unha moza que estaba peiteándose cuns peites de ouro e prata. Entón el ó vela preguntoulle:

-¿Quen es?

Ela voltouse cara el, era moi guapa, e díxolle:

-Estou encantada, e para desfacer o encantamento tes que vir mañá cedo, ó mencer. Sairache unha serpe mais non a toques, nin lle teñas medo. Despois faille sangue e así sairei do meu encantamento.

Ó seguinte día, o pai da miña tía non deu espertado tan cedo, mais cando espertou foi á fonte, cando estaba chegando ó lugar xa oíu uns asubíos e saíulle a moza e díxolle:

-Non fixeches o que che mandei e dende agora sempre estarei encantada.

Dende entón todos os anos nace un cardo branco á beira da fonte.

*(Dominga Alonso Peres. 83 anos. Castiñeira. Vilariño de Conso)*